

TERCEIRO DE GRAO PROFESIONAL

PARTE I

PROBA DE CLARINETE

O examinado presentará un programa de tres obras de distintos estilos de entre as programadas no curso anterior ao que se presenta, unha delas de memoria.

Deberá interpretar as obras con acompañamento de piano.

NOTA – O examinado levará o seu pianista acompañante ás probas de acceso.

En tódolos casos deberá entregar unha copia do repertorio que interpretará ao tribunal examinador.

Poderase presentar un programa distinto ao proposto nesta programación sempre que este presente unha dificultade similar ou maior e comparta características con aquel.

PARTE II

1.- PROBA DE LINGUAXE MUSICAL

Estas probas abranguerán os contidos comprendidos nos distintos apartados das programacións de todos os cursos de Linguaxe Musical.

CONTIDOS DA PROBA

- **Ditado rítmico – melódico:** a dúas voces, e ata cinco alteracións, dunha extensión entre 8 e 16 compases. Para a realización do dictado, daráselles aos examinandos o La do diapasón, a tónica da tonalidade a empregar, o La do diapasón, os acordes tonais, o La do diapasón, a primeira nota do ditado e finalmente a velocidade do pulso (nesta orde).
- **Repentización rítmica:** con emprego das sete claves.

- **Entoación:** Repentización dun exercicio en clave de Sol con acompañamento pianístico, que apoie pero que non dobre a melodía.
- **Teoría:** Comprenderá un exercicio escrito de 10 preguntas.

Os exercicios de Teoría e Ditado, realizaranse nunha única sesión e terán a duración máxima dunha hora e media.

Para os exercicios de repentización rítmica e melódica, os examinandos disporán de 10 minutos en total para preparar en clausura ámbolos dous exercicios.

2.- PROBA DE ORQUESTRA/BANDA

1.- Interpretar dous solos ou fragmentos dos listados que aparecen a continuación, ou de similar dificultade. Estas obras poderán escoitarse na súa totalidade ou parcialmente, segundo o criterio do profesorado.

Nesta proba, o alumnado presentará dúas copias para o tribunal.

2.- Ler a primeira vista un fragmento de 16 compases a proposta do tribunal, cun nivel máximo do curso anterior ó que opta o alumno.

Esta listaxe de obras é orientativa, polo que poderán presentarse obras de similar dificultade. Segun o curso ó que se desexe acceder, o alumnado presentará o repertorio dunha agrupación xuvenil ou sinfónica, elixindo entre Banda e Orquestra. É dicir, non ten que presentar o repertorio de dúas agrupacións, só de unha.

ACCESO DE 2º a 4º DO GRAO PROFESIONAL

BANDA (XUVENIL)

| COMPOSITOR/A | OBRA E OBSERVACIÓNS |
|----------------------|---------------------|
| F. Pérez Seara | Banda galega |
| A. Waignein | Festival suite |
| J. Ninjs | Concerto dinamico |
| J. V. Pérez Planells | Fina Planells |
| J. Horner | The mask of zorro |

ORQUESTRA (XUVENIL)

| COMPOSITOR/A | OBRA E OBSERVACIÓNS |
|-------------------|--|
| F. Schubert | Marcha militar |
| J. Strauss | Pizzicato polka |
| Sullivan | The pirates of penzance |
| R. Schumann | Celebre reverie |
| E. Elgar | Chanson de nuit |
| Gluck | Suite-ballet (óperas) |
| | 12-Gavotte |
| Telemann | Musique de table |
| C. Brown | Rustic dances, nº 1 "Country dance"; Nº 4 "Gypsy dance" |
| P. I. Tchaikowsky | The nutcracker |
| F. Delius | Two aquareles |

3.- PROBA DE CONXUNTO

As probas de acceso ós distintos cursos do CONXUNTO DE VENTO MADEIRA consistirán en:

1. - Interpretar dúas obras axeitadas ó nivel do curso ó que se accede. Se interpretará só unha das partes e sen acompañantes, é dicir, a solo.

Estas obras poderán escoitarse na súa totalidade ou parcialmente, segundo o criterio do profesorado. Nesta proba, o alumnado presentará dúas copias para o tribunal.

2. - Ler a primeira vista a solo un fragmento de 16 compases a proposta do tribunal, cun nivel máximo do curso anterior.

Esta listaxe de obras é orientativa, polo que poderán presentarse obras de similar dificultade.

| COMPOSITOR/A | OBRA E OBSERVACIÓNS | INSTRUMENTACIÓN |
|-----------------|--|---------------------------|
| Zelenka | 6 sonatas | 2 óboes, fagot e continuo |
| Telemann | Sonatas | 2 óboes ou frautas |
| Beethoven | Trío sonata | 2 óboes e corno |
| Telemann | Concertos | 3 óboes |
| Beethoven | Trío sobre o tema "La ci dar'en la mano" | 2 óboes e corno |
| Robert Clérisse | Cache-Cache (Ed. Leduc) | Cuarteto de saxofóns |
| Jean Matitia | Chinese Rag (Ed. Leduc) | Cuarteto de saxofóns |
| Jacques Petit | Variations, 7 Pièces (Ed. Billaudot) | Cuarteto de saxofóns |
| Pierre Vellones | Valse chromatique (Ed. Lemoine) | Cuarteto de saxofóns |

| | | |
|---------------------------|--|---------------------|
| | Ed. Rubank Instrumental Collection | Cuarteto de frautas |
| H. Voxman | Chambermusic. Tres clarinetes. Vol. 1 e 2 | Trío de clarinetes |
| J. Bouffil | Tríos | Trío de clarinetes |
| M. Ravel | Pavane pour une Infante Defunte | Coro de clarinetes |
| P. Harvey | Happijazz | Coro de clarinetes |
| E. Grieg/Ch. Hine | Peer Gynt | Coro de clarinetes |
| J. S. Bach/F. Sacci | Suite nº 3 | Coro de clarinetes |
| Ph. Gordon | Capriccio | Coro de clarinetes |
| G. Jacob | Wind In The Reeds | Coro de clarinetes |
| J. Brahms/ J. Halferty | Danza Húngara nº 5 | Coro de clarinetes |
| J. Bouffil | Tríos | Trío de clarinetes |